



A Pobra de Trives

O Pleno da Corporación, con data 28 de xaneiro de 2016, aprobou, inicialmente, e por unanimidade, as seguintes ordenanzas:

- N.º 1/2016: Ordenanza reguladora do prezo público pola prestación de servizos e realización de actividades de carácter deportivo, cultural, recreativo, de ocio e tempo libre e eventos de carácter festivo.

- N.º 2/2016: Ordenanza reguladora da conservación, mantemento de construción e instalacións, así como valado de soares e parcelas e rexistro municipal destes na Pobra de Trives.

- N.º 3/2016: Ordenanza fiscal e reguladora da instalación de terrazas na vía pública.

Unha vez transcorrido o prazo de información pública sen que durante este se presentasen nin reclamacións ni suxestións, elévase a definitivo o acordo de aprobación inicial e, de conformidade do acordado, procédese á publicación do texto íntegro do acordo e das ordenanzas como acto previo ao da súa plena entrada en vigor nos termos do artigo 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

A Presidencia dá conta do expediente tramitado para a aprobación das ordenanzas do título, así como tamén da súa proposta de acordo.

5º.- Ordenanzas municipais:

1.- N.º 1/2016: Ordenanza reguladora do prezo público pola prestación de servizos e realización de actividades de carácter deportivo, cultural, recreativo, de ocio e tempo libre e eventos de carácter festivo.

2.- N.º 2 /2016: Ordenanza reguladora da conservación, mantemento de construcións e instalación, así como valado de soares e parcelas e rexistro municipal destes na Pobra de Trives.

3.- N.º 3/2016: Ordenanza fiscal e reguladora da instalación de terrazas na vía pública.

Dá conta de dúas pequenas modificacións de mellora de redacción na Ordenanza de terrazas (artigo 15.2), o que se observou en segunda lectura despois de terse preparado o expediente deste Pleno e xustifica a aprobación destas ordenanzas na necesidade de dar resposta ás situacións de feito que se viñan dando e que, como todos o entenden, nada vai engadir, así como á resolución de problemas existentes en relación cos inmobles que presentan perigo e que o concello non pode resolver ao non existir datos sobre titularidade e outros. Tamén, engade, polo que se refire á Ordenanza de terrazas, que é unha necesidade dar novas respostas ás novas situacións que se teñen producido como consecuencia, por exemplo, da aplicación da Lei antitabaco ou da necesidade de apoio ao sector servizos tan importante para Trives.

Di que podían, ao mellor, terse elaborado ordenanzas máis perfectas, pero que aínda están a tempo de enriquecerse e que este é o inicio, dado que se pretenden tamén levar a próximos plenos a reguladora da Praza de Abastos; unha de bo goberno, etc.,...

Abre a quenda de intervencións:

O voceiro popular, don Jesús Prieto Pérez, manifesta a súa satisfacción por un bo traballo, mais di que lle houbera gustado participar na elaboración das ordenanzas citadas, dado que seu grupo tamén representa a veciños de Trives, cuxa voz debería terse escoitado.

O voceiro de SON, no Grupo Mixto, don Jorge Vázquez Rodríguez, di que lle parece perfecto e que só lles choca se as medidas das terrazas, ao mellor, puideran non permitir despois o seu uso con base na Lei antitabaco, mais que non o miraron detidamente e que iso sempre podería corrixirse de ser necesario.

A Alcaldía manifesta que lle dá a razón ao voceiro popular, e para vindeiras ocasións mandaralles un borrador para que poidan facer as achegas que coiden oportunas.

O voceiro do Grupo ATI, don Domingo Diéguez González, manifesta que eles fixérono o mellor que puideron e que están abertos ás achegas que poidan mellorar as ordenanzas, e que se na actual redacción lles poden valer cre que poden someterse a votación.

Prodúcese a votación en bloque das tres ordenanzas e o Pleno da Corporación, coa unanimidade dos oito concelleiros/a presentes na sesión, sendo o n.º legal o de once, adoptou o seguinte acordo:

“Proposta de acordo ao Pleno da Corporación

«Considerouse o interese que para o Concello da Pobra de Trives supón a aprobación das seguintes ordenanzas:

N.º 1/2016: Ordenanza reguladora de prezo público pola prestación de servizos e realización de actividades de carácter deportivo, cultural, recreativo, de ocio e tempo libre e eventos de carácter festivo.

N.º 2/2016: Ordenanza reguladora da conservación, mantemento de construción e instalación, así como de valado de soares e parcelas e rexistro municipal destes da Pobra de Trives.

N.º 3/2016: Ordenanza fiscal e reguladora da instalación de terrazas en vía pública.

Unha vez visto o informe de Secretaría-Intervención do 20 de xaneiro de 2016, sobre a lexislación aplicable e o procedemento a seguir para a aprobación da referidas ordenanzas, e unha vez visto o proxecto elaborado polos Servizos Municipais das ordenanzas municipais referidas, considerado que as referidas ordenanzas se axustan ao ordenamento xurídico no seu contido e regulan as actuacións de ámbito com-



petencial municipal, proponse ao Pleno da Corporación a adopción deste acordo:

Primeiro: a imposición no Concello da Pobra de Trives:

1º.- Do prezo público pola prestación de servizos e realización de actividades de carácter deportivo, cultural, recreativo, de ocio e tempo libre e eventos de carácter festivo.

2º.- Da taxa pola instalación de terrazas en vía pública.

Segundo: aprobar inicialmente as seguintes ordenanzas que se inserirán integramente neste acordo, e co texto que debidamente certificado consta no expediente, e que se aproba neste acto:

N.º 1/2016: Ordenanza reguladora do prezo público pola prestación de servizos e realización de actividades de carácter deportivo, cultural, recreativo, de ocio e tempo libre e eventos de carácter festivo.

N.º 2/2016: Ordenanza reguladora da conservación, mantemento de construcións, así como de valado de soares e parcelas e rexistro municipal destes da Pobra de Trives.

N.º 3/2016: Ordenanza fiscal e reguladora da instalación de terrazas na vía pública.

Terceiro: someter as ordenanzas referidas a información pública con trámite de audiencia aos/ás interesados/as, con publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Ourense, taboleiro de anuncios do concello, así como páxina web e portal de transparencia polo prazo de trinta días, para que se poidan presentar reclamacións e/ou suxestións, que serán resoltas pola Corporación.

Cuarto: que, de non presentaren reclamacións e/ou suxestións no mencionado prazo, se considerarán aprobadas definitivamente sen necesidade de acordo expreso do plenario, procedéndose á publicación íntegra do acordo e do texto das ordenanzas agora aprobadas para a súa plena entrada en vigor, nos termos do artigo 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Quinto: facultar ao alcalde para todas as actuacións e xestións precisas para a execución deste acordo."

N.º 1/2016: Ordenanza reguladora do prezo público pola prestación de servizos e realización de actividades de carácter deportivo, cultural, recreativo, de ocio e tempo libre e eventos de carácter festivo.

Artigo 1º.- Fundamento legal e obxecto

Segundo o previsto no artigo 127, en relación co artigo 41, ambos os dous do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, o Concello da Pobra de Trives establece prezos públicos pola prestación de servizos e a realización de actividades, que se regulan polo disposto nos artigos 41 a 47 da citada lei; pola Lei 8/1989, do 13 de abril, de taxas e prezos públicos e polo que se preceptúa nesta Ordenanza reguladora do prezo público por prestación de servizos e realización de actividades de carácter deportivo, cultural, recreativo, de ocio e tempo libre e eventos de carácter festivo.

Os prezos públicos que se esixirán ao abeiro desta ordenanza serán pola prestación dos seguintes servizos e actividades:

- Actividades deportivas.
- Actividades culturais: cursos e obradoiros.
- Actividades recreativas, de ocio e tempo libre: excursións, andainas, campamentos de verán e outros semellantes.
- Eventos de carácter festivo: Festa da Bica e semellantes.

Artigo 2º.- Obrigados ao pagamento

Están obrigados ao pagamento do prezo público as persoas físicas, xurídicas e entidades do artigo 35 da Lei xeral tributaria que se benefician das actividades ás que se refire esta ordenanza, sempre e cando sexan organizadas polo Concello da Pobra de Trives.

Artigo 3º.- Xestión do pagamento

1.- Na prestación de servizos ou realización de actividades de carácter deportivo, cultural, recreativo, de ocio e tempo libre o pago realizarase no momento no que se confirme a admisión na actividade previamente solicitada despois da correspondente convocatoria. O pagamento realizarase por anticipado, mediante aboamento nas contas operativas do concello en entidades bancarias no prazo e forma que a convocatoria determine.

Cando a actividade se divida en períodos mensuais, o pagamento realizarase do seguinte xeito:

- No momento da inscrición na actividade aboase o custo do primeiro mes.

- A partir do segundo mes, o pagamento do prezo realizarase mensualmente nos primeiros dez días de cada mes mediante domiciliación bancaria.

2.- No caso de eventos de carácter festivo, o pagamento do prezo público realizarase simultaneamente á entrega da entrada ou ticket.

Artigo 4º.- Tarifas

De conformidade co establecido no artigo 47.1 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e no artigo 23.2.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local, délegase na Xunta de Goberno Local a competencia para a fixación das tarifas dos prezos públicos para cada unha das actividades ou servizos aos que se refire esta ordenanza.

O acordo será motivado e conterá, como mínimo, os seguintes datos:

- Descrición da actividade que motive o seu establecemento.
- O importe do prezo público.
- A declaración expresa, se é o caso, da concorrencia de razóns de tipo social, cultural, benéfico que xustifique a fixación do importe do prezo público por debaixo do custo da actividade ou servizo, o que terá carácter absolutamente excepcional, por mor da necesidade de garantir o custo efectivo do servizo ou actividade. No caso de aplicarse bonificacións de interese social por causas obxectivas, será preciso informe social dos servizos sociais do concello.

- No expediente de fixación do importe do prezo deberá figurar un estudo económico no que se indique o custo do servizo ou actividade.

Artigo 5º.- Devolución

Cando por razóns non imputables ao obrigado ao pago do prezo, o servizo non se preste ou a actividade ou evento non se desenvolva, procederá a devolución do importe aboado. Esta devolución efectuarase de oficio.

Artigo 6º.- Normas de aplicación supletoria

Para os aspectos non regulados nesta ordenanza serán de aplicación as normas contidas no Real Decreto Lexislativo 2/2004, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e demais normativa aplicable.

Disposición final

Esta ordenanza, unha vez aprobada definitivamente polo Pleno, publicarase no Boletín Oficial da Provincia de Ourense e entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación e permanecerá vixente ata súa modificación ou derogación expresa.

N.º 2/2016: Ordenanza reguladora da conservación, mantemento de construcións e instalacións así como de valado de soares e parcelas e rexistro municipal destes na Pobra de Trives

Antecedentes: o Concello da Pobra de Trives conta con planeamento aprobado en 1994, que se traduce en Normas Subsidiarias de Planeamento Municipal. Este Planeamento Municipal non está adaptado á Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de



Galicia (LOUG) e ás súas múltiples modificacións.

A Lei 9/2002, do 30 de decembro, nos artigos 9.- Deberes de uso, conservación e rehabilitación e 199 a 201.- Deber de conservación e ruína, así como as NNSS de Planeamento Municipal no seu artigo 11.33.4.5, establecen o deber dos propietarios de toda clase de terreos, construción, edificios e instalacións a mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade, segundo o seu destino e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, patrimonio histórico e da rehabilitación.

O deber de conservación dos propietarios alcanza ata o importe dos traballos correspondentes que non rebasen o límite do contido normal de aquel, que no caso das construcións, está representado pola metade do custo de reposición do ben ou da construción coas características semellantes, excluído o valor do solo.

Por outra banda, na propia Lei 9/2002, nos seus artigos 202 e 203, procurase o fomento da conservación e rehabilitación das edificacións tradicionais e regula as ordes de execución en solo rústico e de núcleo rural.

Mais esta ordenanza non nace coa intención de regular cuestións reservadas á lei, senón que trata de ser un instrumento práctico que permita ao concello adoptar as medidas necesarias de exercicio da función de policía, dotando aos cidadáns dun instrumento público que, ao igual que contempla os seus dereitos, recolle tamén as súas obrigas en relación cos seus bens para garantir a seguridade e a salubridade públicas en beneficio dos cidadáns.

Tamén se pretende a creación dun rexistro municipal de edificacións ruinosas que permita planificar as actuacións de vixilancia e control do concello e a emisión de ordes de execución, de ser o caso.

Artigo 1º

Esta ordenanza emítese en exercicio da potestade regulamentaria prevista no artigo 4 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local; artigo 6 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, e no exercicio da autonomía municipal, recollida no título VIII, capítulos primeiro e segundo da CE.

Capítulo I. Da identificación e rexistro dos edificios e ruína e dos terreos en estado de abandono e insalubridade públicas

Artigo 1

Créase no Concello da Pobra de Trives o rexistro de edificacións e terreos en solo urbano e de núcleos rurais que presenten un estado deficiente de conservación, mantemento, ornato público, seguridade e salubridade.

Artigo 2

A inscrición no rexistro poderá realizarse de oficio ou a petición de particulares que acheguen datos para esta inscrición. Notificaráselles aos propietarios esta inscrición e, de non seren estes coñecidos, o anuncio efectuarase no BOP de Ourense e nos lugares habituais e taboleiro de anuncios do concello polo prazo de dous meses, para os efectos de alegacións ou reclamacións.

Artigo 3

Os datos que constarán no rexistro que ten carácter público serán:

- Identificación do inmovible ou terreo.
- Descrición deste, incluída documentación fotográfica.
- Nome dos titulares.
- Referencia catastral.
- Estado da edificación ou terreo que acredite o incumprimento dos deberes establecidos polos artigos 9, 199 e 201 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, LOUGA.

A inclusión dos bens neste rexistro supón que o concello poderá iniciar de oficio os expedientes de demolición ou de recuperación da edificación ou instalación afectada a cargo do propietario.

Capítulo II. Dos deberes de conservación, valado de soares e mantemento de construcións e instalacións

Artigo 4

O ámbito de aplicación desta ordenanza é ás edificacións, instalacións, soares e terreos do núcleo urbano da Pobra de Trives, así como dos núcleos rurais existentes en todo o termo municipal para os efectos de garantir e protexer a seguridade e salubridade públicas evitando, no posible, situacións de risco para a saúde e a integridade da cidadanía e manter o ornato público. Esta ordenanza non vai ligada ás directrices de planeamento vixente nun momento concreto.

Artigo 5

De conformidade co disposto polos artigos 9 e 199 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, así como o artigo 389 do Código civil vixente, os propietarios de terreos, construcións e edificacións están obrigados a mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, habitabilidade e ornato público segundo o seu destino e con suxeición ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.

Artigo 6

As disposicións contidas nesta ordenanza enténdense establecidas sen prexuízo da responsabilidade patrimonial que por danos e prexuízos puideran ter lugar a consecuencia dos incumprimentos por parte dos propietarios dos terreos, edificacións e instalacións, sendo para iso de plena aplicación as normas de dereito privado, quedando eximido o concello de calquera responsabilidade por esta materia.

Artigo 7

a) Considéranse soares aqueles que así veñen definidos no planeamento municipal ou normas urbanísticas de aplicación. O resto considéranse terreos.

b) É de aplicación esta ordenanza ás construción e instalacións non declaradas en ruína, nin susceptibles de selo, nas que sexa preciso repórter as súas condicións de ornato público, seguridade, salubridade, reparando ou consolidando aqueles elementos danados que afecten ao seu aspecto exterior, a súa estabilidade e as súas condicións hixiénico sanitarias.

c) O valado: o valado dun soar ou terreo consiste na realización dunha obra exterior que non teña carácter permanente que permita pechar o terreo ou soar, evitando así a entrada a persoas alleas a este e que poidan verterse neles lixo ou calquera outra clase de residuos.

Artigo 8

O concello exercerá os labores de vixilancia e inspección no exercicio das súas funcións de policía, ordenando estas a Alcaldía ou concelleiro/ra en quen expresamente delegue esta tarefa.

Artigo 9.1

Os propietarios de terreos e soares deberán mantelos sempre limpos e desprovistos de residuos de calquera tipo, de calquera vexetación, de calquera resto orgánico ou mineral, así como de animais ou plantas portadoras de enfermidades e susceptibles de producir mal olor. Ademais, deberán sometelos a tratamento de desratización e desinfección sempre que o precisen. Esta obriga estenderase durante todo o ano.

Nos períodos estivais deberán estar perfectamente rozados e retirar de maneira inmediata os restos para os efectos de evitar o risco de incendios pola concorrencia da falta de humidade e a vexetación seca.



Artigo 9.2

Os propietarios de terreos tamén protexerán e taparán os pozos ou buratos que poidan existir no terreo ou soar.

Artigo 10

Queda totalmente prohibido verter nos terreos e soares lixo, entullo, mobiliario e, en xeral, calquera tipo de refugалlos.

Os donos dos soares e terreos poderán exercer as accións legalmente procedentes contra os que fagan vertidos de calquera clase neles, sen prexuízo das accións que aplique o concello nesos supostos.

Para as accións de limpeza dos terreos e soares os propietarios non precisarán de ningunha autorización previa, agás facer una mera comunicación ao concello.

Artigo 11

Establécese a obriga de valar os terreos e soares do casco urbano e núcleos rurais do Concello da Pobra de Trives, debendo para iso solicitar a correspondente autorización municipal para os efectos de que se lle indique a forma altura e materiais a utilizar neste valado.

O valado, en principio, estenderase ao longo do frontal do soar ou terreo ou dos distintos laterais de estar exento, e a parte cega, que deberá estar pintada e enfoscada ou granito visto, non superará os 0,85 cm de altura sobre a beirarrúa ou a rasante do terreo. Sobre este valado cego colocárase malla ou sebe vexetal ata una altura máxima de 2,50 metros.

Permitirase a existencia de porta de acceso que permita executar os labores de limpeza e retirada de desperdicios.

En todo caso, haberá que aterse ao disposto na licenza municipal correspondente, debendo os materiais garantir a estabilidade e ornato público.

Os propietarios serán responsables do perfecto estado de mantemento e conservación dos valados.

Artigo 12

Os propietarios de construcións, edificacións e instalacións deben mantelos en condicións de seguridade, salubridade, ornato público e manter o seu uso axeitado ao seu funcionamento.

Entenderanse como condicións mínimas:

1. Condicións de seguridade: as edificacións e instalacións deberán manter os seus pechamentos e cubertas estancas ao paso da auga, contar con protección da súa estrutura fronte ao lume e manter en bo estado os elementos de protección contra caídas.

A estrutura deberá conservarse de modo que cumpra a súa misión resistente, defendendo os efectos da corrosión, así como filtracións ou outras que poidan lesionar as cimentacións. Deberán conservar os revestimentos das fachadas, cuberta e pechamentos de maneira que non presenten riscos para as persoas e os bens.

2.- Condicións de salubridade: deberán manterse en perfecto estado as redes de servizo, instalacións sanitarias, ventilación, iluminación, de maneira tal que se garanta a aptitude para o uso a que están destinadas.

Manterase a limpeza impedindo a presenza de parasitos, roedores e animais abandonados que poidan ser causa de perigo para as persoas.

3.- Condicións de ornato: as fachadas dos elementos exteriores e interiores, medianas, valos e pechamentos das construcións deberán manterse adecentadas, limpas, pintadas, revocadas e reporse os materiais deteriorados que constitúen os revestimentos.

As mesmas normas serán de aplicación aos edificios fóra de ordenación segundo o planeamento municipal sen prexuízo da plena aplicación do réxime xurídico establecido polas NNSS de planeamento e LOUGA.

Capítulo III. Ordes de execución, procedemento e réxime sancionador

Artigo 13.- Incoación do expediente de orde de execución

Os expedientes de ordes de execución de limpeza, conservación e/ou valado total ou parcial de soares e de conservación de construción e instalación poderán iniciarse de oficio ou a instancia de parte.

Artigo 14.- Tramitación da orde de execución

1.- O concello, apreciado o incumprimento dalgunha das obrigas previstas nesta ordenanza, previo informe dos servizos técnicos municipais, notificará a quen aparezan como titulares dos inmobles afectados nos rexistros públicos que outorguen a titularidade e, no seu defecto, en calquera outro de carácter público, o inicio do procedemento de orde de execución das operacións ou obras necesarias para dar cumprimento ao establecido nesta ordenanza.

Nos casos en que sexa necesario procederase á notificación mediante edictos no Boletín Oficial da Provincia de Ourense, ou, se é o caso no taboleiro de anuncios do concello.

Na notificación detallarase:

a) Identificación do motivo que xustifica a adopción da orde de execución.

b) Operacións que se integren na orde de execución e custo estimado das ditas operacións, segundo informe técnico, que se achegará á orde e se incorporará o texto desta.

c) Prazo previsto para a súa execución, con advertencia da posibilidade do concello de utilización dos medios de execución forzosa, en caso de incumprimento do obrigado.

d) No caso de ser necesario, requirimento para presentar, previamente o comezo das operacións, o correspondente proxecto ou proxectos técnicos.

2.- Unha vez recibida a notificación, o interesado disporá dun prazo de quince días, o cal poderá ampliarse xustificadamente por un tempo que non exceda da metade da súa duración, para a formulación de alegacións e achega de documentos e, se é o caso, os proxectos antes referidos. A audiencia comprenderá tamén o custo estimado das operacións conforme ao informe técnico, que será de referencia no caso de posterior execución forzosa.

3.- Simultaneamente, notificaráselles ás administracións afectadas, se é o caso, ben polas actividades que motivan a adopción da orde de execución, ben pola execución desta, aos efectos de que poidan emitir informe no prazo de quince días.

4.- Á vista das alegacións e informes que se acheguen ao procedemento, o concello ditará resolución sobre o contido e condicións da orde de execución que será inmediatamente executiva.

5.- A persoa destinataria da orde de execución deberá aboar as operacións de execución material da orde de execución e as taxas esixibles pola súa tramitación. Nos supostos de execución subsidiaria o concello poderá recadar as anteriores cantidades pola vía de constrinximento.

Artigo 15.- Execución forzosa

1.- O incumprimento inxustificadamente da orde de execución no prazo concedido habilitará o concello para adoptar calquera destas medidas de execución forzosa:

- Execución subsidiaria á conta do obrigado, cuxo custo poderá ser recadado por vía de constrinximento.

- Imposición de ata dez multas coercitivas con periodicidade mínima mensual, por valor máximo de 6.000,00 € e un mínimo de 300,00 €, segundo o previsto polo artigo 203 da LOUGA.

- As demais previstas na normativa aplicable.

**Artigo 16.- Execución subsidiaria**

1.- No caso de execución subsidiaria, o concello executará os ditos traballos por si só ou a través da contratación con persoa ou empresa capacitadas, repercutindo o custo dos ditos traballos ao obrigado, podendo para iso utilizar a vía de constrinximento.

2.- Cando fora procedente solicitarase da autoridade xudicial, a autorización que contempla o artigo 87.2 da Lei orgánica do poder xudicial.

Artigo 17.- Incoación do expediente sancionador

O incumprimento das obrigas ou prohibicións contidas nesta ordenanza dará lugar á incoación de expediente sancionador por infracción urbanística, que se rexerá polo disposto nos artigos 216 a 223 da LOUGA, Lei 9/2004, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

Artigo 18.- Sancións

1.- As infraccións por incumprimento da obriga de limpeza de soares establecida no artigo 9.1 desta ordenanza sancionaranse cunha multa de 300,00 € a 1.000,00 €. Considerarase circunstancia agravante o incumprimento en época estival, a partir do 1 de xuño, por un maior risco de insalubridade e perigosidade.

2.- As infraccións por incumprimento da obriga establecida no artigo 9.2 desta ordenanza sancionaranse cunha multa de 300,00 € a 1.000,00 €.

3.- As infraccións por incumprimento da prohibición da verter residuos establecida no artigo 10 desta ordenanza sancionaranse cunha multa de 300,00 € a 1.000,00 €.

4.- As infraccións por incumprimento da obriga de valar establecida no artigo 11 desta ordenanza sancionaranse cunha multa de 300,00 € a 3.000,00 €. A súa graduación levarase a cabo en función da entidade do soar e da maior ou menor alteración por impacto visual negativo da paisaxe urbana.

5.- As infraccións por incumprimento da obriga de reposición ou reparación do valado establecida no artigo 14 desta ordenanza sancionaranse cunha multa de 300,00 € a 1.000,00 €.

6.- As infraccións por incumprimento das condicións de seguridade establecidas nesta ordenanza, no artigo 12.1, sancionaranse cunha multa de 600,00 € a 6.000,00 €.

7.- As infraccións por incumprimento das condicións de salubridade, establecidas no artigo 12.2 desta ordenanza sancionaranse cunha multa de 600,00 € a 6.000,00 €.

8.- As infraccións por incumprimento das condicións de orna-to, establecidas no artigo 12.3 desta ordenanza sancionaranse cunha multa de 600,00 € a 1.000,00 €.

Artigo 19.- Graduación

Terase en conta para graduar a contía das multas a entidade da edificación ou instalación afectados, a perigosidade ou risco ocasionado, a transcendencia para a salubridade e a reiteración ou reincidencia da conduta.

Disposición derogatoria

Quedan derogadas as disposicións municipais que se opoñan ao establecido nesta ordenanza.

Disposición transitoria única

O réxime sancionador en materia de valado de soares aplicárase transcorrido un ano dende a entrada en vigor desta ordenanza.

N.º 3/2016: Ordenanza fiscal e reguladora da instalación de terrazas na vía pública

Capítulo I. Disposicións xerais**Artigo 1.- Obxecto**

Esta ordenanza ten por obxecto regular o réxime xurídico ao que debe someterse o aproveitamento de terreos de dominio público municipal, mediante a súa ocupación temporal con mesas e elementos auxiliares destas que constitúan un comple-

mento da actividade que vén exercendo no establecemento de hostalaría en inmobles ou locais fixos.

Artigo 2.- Concepto

Para os efectos desta ordenanza, entenderase por terraza o uso do solo de dominio público susceptible de aproveitamento relacionado coas actividades propias da hostalaría, mediante a colocación de mesas, cadeiras, parasoles, estufas, toldos, xardineiras ou calquera outro elemento análogo en liña de fachada ou fronte ao establecemento, como zona de extensión da actividade que se exerce dentro dos establecementos fixos, sempre con carácter temporal.

Artigo 3.- Licenzas

A ocupación de terreos de dominio público definidos no artigo 2 suxeitarase á licenza administrativa correspondente.

Artigo 4.- Prohibicións

4.1. Queda prohibida a ocupación polas terrazas e os seus elementos de entradas a galerías visibles, bocas de rega, saídas de emerxencia, hidrantes de incendio, centros de transformación, arquetas de rexistro de servizo público, pasos peonís sinalizados, calzadas con circulación de vehículos ou calquera outro lugar que, en función das súas características especiais, determine o concello.

4.2. Non poderá colocarse ningún elemento que dificulte a entrada ou saída de vaos permanentes de paso de vehículos.

4.3. Queda absolutamente prohibida a instalación de billares, futbolíns, máquinas recreativas, de azar, expendedoras de bebidas, neveiras, grellas e elementos análogos nas terrazas obxecto de regulación desta ordenanza.

4.4. Queda prohibida a instalación de calquera clase de aparellos reprodutores de imaxe e son, salvo autorización expresa do concello.

4.5. Queda prohibida a instalación de barras de servizos salvo autorización expresa do concello.

Artigo 5.- Actividades incluídas

A licenza para instalar terrazas dará dereito a expender e consumir nesta os mesmos produtos que poidan selo no interior do establecemento do cal dependan.

Artigo 6.- Actividades excluídas

Esta ordenanza non será de aplicación aos actos de ocupación da vía pública que, sendo de carácter hostaleiro, se realicen con ocasión de feiras, festexos, actividades deportivas ou análogas, que se suxeitarán ás súas normas específicas.

Artigo 7.- Efectos

7.1. Todas as licenzas se outorgarán deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros. O exercicio da actividade realizarase por conta e risco dos interesados.

7.2. A licenza non poderá ser arrendada, subarrendada nin cedida, directa ou indirectamente, en todo ou en parte.

Artigo 8.- Dereitos do autorizado

O titular da licenza terá dereito a exercer as actividades nos termos previstos na propia licenza, con suxeición ás prescricións establecidas nesta ordenanza e demais preceptos legais aplicables.

Artigo 9.- Excepcións

9.1. Sen prexuízo do establecido no artigo anterior, cando xurdisen circunstancias imprevistas ou sobrevindas de urbanización ou de implantación, supresión ou modificación dos servizos públicos, o concello poderá revogar ou suspender a licenza concedida sen dereito a indemnización a favor do interesado. Neste caso devolverase, a solicitude do titular da licenza, a parte da taxa que corresponda proporcionalmente ao tempo en que non poida manter instalada a terraza.

9.2. Para o caso de que puntualmente sexa preciso a utilización do dominio público para o cal se concedeu a licenza de ocupación



con terraza para a celebración de actividades municipais, requírase a retirada sen dereito a indemnización ningunha.

Artigo 10.- Obrigas

10.1.- Será por conta do titular da licenza a instalación dos elementos e a realización, á súa costa, das obras necesarias para a instalación dos toldos e demais elementos, para o que, de ser esixible, deberá estar en posesión da correspondente licenza.

10.2.- Será obriga dos titulares das terrazas manter estas e os elementos que as compoñen nas debidas condicións de limpeza, seguridade e ornato. Para tales efectos, estarán obrigados a dispor dos elementos de recollida e almacenamento dos residuos que puidesen ensuciar o espazo público. Tamén lles corresponde aos titulares das terrazas a limpeza das beirarrúas e recollida diaria de mesas, cadeiras e demais elementos da terraza para o interior do establecemento hostaleiro. No entanto, poderán quedar amontoadas na beirarrúa para o día seguinte, sen que se aten a elementos do mobiliario urbano, para o caso de que se continúe ao día seguinte coa utilización da terraza. Por tanto, será preceptiva a recollida dos elementos da terraza para o caso de que a climatoloxía non faga posible o uso da terraza para a finalidade para a cal se concedeu e tamén para o caso de que sexa ordenada a retirada nocturna polo concello.

10.3.- Unha vez finalizado o período de instalación, o titular da terraza deberá deixar completamente expedita a porción de solo público que viñese ocupando, retirando todos os elementos que o ocupan ao día seguinte do termo do período de ocupación. En caso de incumprimento, serán retirados polo concello mediante execución subsidiaria por conta do titular, sen prexuízo do expediente sancionador que se inicie. Este feito poderá dar lugar á inhabilitación para sucesivas autorizacións.

10.4.- Queda prohibido almacenar xunto ás terrazas produtos, materiais e elementos móbiles (mostradores e cámaras), así como residuos propios da instalación, tanto por razóns de estética e ornato, como por hixiene.

10.5.- Será obrigatorio, para poder instalar terrazas anexas a establecementos situados en inmovible ou local, que o titular deste concertara seguro de incendios do local e de responsabilidade civil por danos aos concorrentes e terceiros, derivados das condicións do local, así como do persoal que preste os seus servizos nel, que inclúa tanto ao local propiamente dito, como aos seus anexos, incluída a terraza.

10.6.- A instalación de estufas exteriores deberá axustarse ás esixencias da normativa vixente e correspondente homologación.

Artigo 11.- Suspensión e sancións

A Alcaldía, sen prexuízo das delegacións que estableza, a través dos servizos municipais, será competente para controlar o estricto cumprimento das normas establecidas nesta ordenanza, así como para a imposición das sancións.

Artigo 12.- Horarios

12.1. Os horarios de apertura e peche da terraza estarán suxeitos aos horarios do establecemento segundo a licenza de actividade que teña concedida o establecemento hostaleiro.

12.2. Sen prexuízo do cumprimento do apartado anterior, en calquera caso, o horario máximo de peche das terrazas será ás 2.00 da mañá, excepto as noites do venres ao sábado, do sábado ao domingo e as previas aos días festivos, nas que o horario máximo de peche das terrazas será ás 3.00 horas. O horario de peche ampliarase ata o que se contempla no apartado 1 deste artigo para os días de festas patronais, gastro-nómicas ou de calquera outro tipo que se organicen desde o concello.

Artigo 13.- Infraccións

As infraccións das normas contidas nesta ordenanza clasifícanse en leves, graves e moi graves.

13.1. Son infraccións leves:

a) Instalación da terraza sen obter a autorización preceptiva.
b) O incumprimento da obriga de manter as terrazas e cada un dos elementos que as compoñen nas debidas condicións de limpeza, seguridade e ornato.

c) A deterioración leve dos elementos de mobiliario e ornamentais urbanos lindeiros co establecemento, que se produza como consecuencia da actividade obxecto da licenza.

d) O incumprimento do horario de peche en menos dunha hora.

e) A ocupación de maior superficie da autorizada, en menos do 25 %.

f) Non recoller as mesas, cadeiras e demais elementos da terraza para o interior do establecemento hostaleiro, cando cumpra.

g) Amontoar os elementos na beirarrúa para o día seguinte, atando os elementos ao mobiliario urbano.

h) Almacenar xunto ás terrazas produtos, materiais e elementos móbiles.

i) Calquera outro incumprimento das previsións desta ordenanza que non constitúa falta grave ou moi grave.

j) A instalación de mesas e cadeiras en número maior do autorizado.

13.2. Son faltas graves:

a) A comisión de tres faltas leves ao cabo dun ano, cando así se declarase por resolución firme.

b) O incumprimento do horario de peche en máis de 1 hora.

c) A ocupación dunha superficie maior á autorizada en máis do 25% e en menos do 75% ou o incumprimento doutras condicións da delimitación.

d) A deterioración grave dos elementos do mobiliario urbano.

e) Non deixar completamente expedita a porción de solo público que viñese ocupando unha vez terminado o período de instalación.

f) Non concertar un seguro de incendios do local e de responsabilidade civil por danos aos concorrentes e terceiros que inclúa tanto ao local propiamente dito, como aos seus anexos, incluída a terraza.

g) A instalación de instrumentos ou equipos musicais ou outras instalacións non autorizadas, ou autorizadas pero fóra do horario ao que se limitaron.

h) A ocultación, manipulación ou falsificación dos datos ou da documentación presentados para a obtención da correspondente autorización.

i) A non presentación do documento de autorización aos axentes da autoridade ou funcionarios competentes que o requiran.

j) A instalación de barras, billares, futbolíns, máquinas recreativas, de azar, expendedoras de bebidas, neveiras, grellas e elementos análogos nas terrazas.

13.3. Son faltas moi graves:

a) A ocupación dunha superficie maior á autorizada en máis do 75%.

b) O incumprimento da orde de suspensión inmediata da instalación cando disto derive unha perturbación relevante da convivencia que afecte de maneira grave, inmediata e directa á tranquilidade ou ao exercicio de dereitos lexítimos doutras persoas ou dificulte o uso ou funcionamento dun servizo público ou supoña unha deterioración grave de equipamentos, infraestruturas, instalacións de servizos públicos, espazos públicos ou calquera das súas instalacións.

c) A celebración de espectáculos ou actuacións non autorizadas de forma expresa.

d) O incumprimento do horario de inicio ou de peche en máis de 1 hora, cando disto derive unha perturbación relevante da convivencia que afecte de maneira grave, inmediata e directa á tranquilidade ou o exercicio de dereitos lexítimos doutras persoas.

e) A desobediencia aos lexítimos requirimentos dos inspectores e autoridades.

f) A venda de produtos alimenticios non autorizados.

Artigo 14.- Sancións

14.1. As infraccións á ordenanza tipificadas nos artigos anteriores serán sancionadas como segue:

a) As faltas leves sancionaranse con multa de 60 a 300 €.

b) As faltas graves sancionaranse con multa de entre 301 a 600 €.

c) As faltas moi graves sancionaranse con multa entre 601 a 2.000,00 €, podendo ser revogada mesmo a licenza.

14.2. Na imposición das sancións deberá gardarse a debida adecuación entre a gravidade da infracción cometida e a sanción aplicada, debendo utilizarse para a súa gradación a existencia de intencionalidade ou reiteración, natureza dos prexuízos causados, reincidencia na comisión ao cabo dun ano de tres infraccións da mesma natureza, cando así o declare resolución firme e ao beneficio obtido coa súa realización.

14.3. A imposición das sancións requirirá a previa incoación e instrución do procedemento correspondente, que se fará constar de conformidade co disposto na lexislación xeral sobre procedemento administrativo común e o seu regulamento de desenvolvemento. O acordo de iniciación poderá ordenar a adopción de medidas provisionais que resulten necesarias para garantir a eficacia da resolución que puidera recaer, tales como a retirada das instalacións ilegais ou a suspensión do seu funcionamento.

14.4. Os prazos de prescrición das infraccións e sancións serán os previstos na lexislación xeral sobre procedemento administrativo común.

Capítulo II. Condicións particulares das licenzas

Artigo 15.- Capacidade para solicitar licenza

15.1. Poderán solicitar a licenza para este tipo de ocupacións os titulares dos establecementos descritos no artigo 2 desta ordenanza, sempre que a actividade se desenvolva coa lexislación xeral e sectorial que a regula.

15.2. A taxa que por este concepto deberá pagar o titular da licenza será a seguinte:

- 0,30 € por mesa/día, no caso de terrazas abertas.

- 0,10 € por m²/día, no caso de terrazas con pechamento.

Considerarase unidade de mesa as que teñan unha superficie de ata 80x80 cm. Se a medida da mesa excede ata o dobre considerarase como dúas mesas, e se excedese ata o triplo, considerarase como tres mesas, e así sucesivamente.

A taxa a que se refire a presente ordenanza poderá actualizarse cada ano en función do IPC anual referido ao 31 de decembro do exercicio anual inmediato anterior.

Artigo 16.- Requisitos da solicitude

16.1. As solicitudes de licenza poderán realizarse en calquera época do ano.

16.2. As licenzas solicitaránselle áa Alcaldía. Acompañarase coa solicitude a seguinte documentación:

- Indicación da data de concesión da licenza de apertura de establecemento.

- Póliza e recibo de pago do seguro de incendios do local e de responsabilidade civil. Para o caso de ter presentada a póliza,

será suficiente a presentación do recibo que acredite o seu pago.

- Memoria descriptiva dos elementos de mobiliario que se pretende instalar na terraza, metros cadrados que ocuparía a terraza e número de mesas e cadeiras que se pretenden instalar.

- Xustificante da autoliquidación realizada da taxa por ocupación de terreos de uso público local con mesas e cadeiras.

Artigo 17.- Competencia e outorgamento da licenza

Será competente para o outorgamento da licenza o alcalde, sen prexuízo das delegacións que se confiran.

Unha vez recibida a solicitude da licenza de ocupación de dominio público con terrazas, procederase a emitir informe da Policía Local sobre os efectos que terá sobre a circulación de peóns, os metros cadrados que poidan ser ocupados polas terrazas e a distribución das mesas, cadeiras e demais elementos. A Alcaldía poderá solicitar os informes que estime pertinentes.

Artigo 18.- Vixencia das licenzas

As licenzas outorgaranse por anos naturais ou meses e deberán solicitarse con anterioridade á súa instalación.

Artigo 19.- Limitacións de localización

19.1. O saínte máximo dos toldos respecto ao ancho de beirarrúa será da metade da beirarrúa cun ancho máximo de 3 metros e respectando ao arboredo.

Para itinerarios peonís practicables, o ancho mínimo de paso será de 0,90 libre de elementos de urbanización (farois ou sinais).

19.2. Todas as terrazas serán delimitadas pola Policía Local.

19.3. No caso de establecementos lindeiros, o espazo susceptible de ocupación distribuirase equitativamente entre os solicitantes, de acordo co ancho de fachada de cada establecemento afectado.

19.4. Se a terraza se sitúa pegada á fachada do edificio, deberá quedar libre o espazo para acceder aos inmobles lindeiros, cun espazo mínimo de 1 metro.

Artigo 20.- Estética

20.1. A mesas e cadeiras que compoñen o mobiliario serán de madeira ou imitando a madeira, polietileno ou metálicas; e, en todo caso, sen publicidade.

Os parasoles serán en cor branca e sen publicidade.

20.2. Polo que respecta ás terrazas cubertas ou terrazas con cerramentos permitidos:

Poderán instalar terrazas cubertas na vía pública aqueles establecementos cuxas características llo permitan, tendo en conta os seguintes requisitos:

- Serán unicamente espazos encostados a algunha das paredes do establecemento solicitante.

- Deberán de respectar as condicións de accesibilidade vixentes tanto para peóns, como para acceso a portais, vehículos autorizados, acceso a garaxes, etc.,...

- Deberán ser elementos móbiles de fácil e rápida montaxe e desmonte. Deberán ser retirados ante calquera solicitude do concello para realizar actuacións de carácter público.

- O concello determinará as dimensións das terrazas destas características en función das dimensións da rúa ou praza na que se instale:

a) O ancho da fachada do local.

b) Distancia dende a fachada do local.

- O espazo que ocupa a terraza mantén a categoría de espazo público, polo que deberá ter acceso directo desde o exterior as 24 horas do día.

- Unha vez finalizado o período da licenza, deberán retirarse da vía pública deixando o espazo completamente limpo e en perfecto estado.



- O período máximo de licenza para terrazas con pechamentos comprende dende o día 1 de xaneiro ao día 15 de xuño e dende o día 1 de outubro ao día 31 de decembro.

- Para a instalación destes elementos de peche non se poderán efectuar intervencións que deterioreen a vía pública (buracos no chan, rotura de pavimento, etc.).

- Estas terrazas deben cumprir os seguintes requisitos:

a) As estruturas serán tubulares e de cor negra.
b) Os cerramentos verticais serán totalmente transparentes e neles non se poderá colocar nada que impida o paso da luz.

c) O cerramento superior será tipo toldo de cor negra.

d) No chan poderase colocar unha tarima, sempre que as circunstancias da rúa o permitan, circunstancia que valorará o concello.

e) Estas terrazas están suxeitas a todo o disposto nesta ordenanza.

Artigo 21.- Límites de ruído

O funcionamento das instalacións reguladas nesta ordenanza deberá respectar os límites de ruído en vivendas e locais próximos previstos na normativa aplicable.

Disposición transitoria

Todas aquelas terrazas que no momento de entrada en vigor desta ordenanza tivesen autorización, deberán adecuarse á vixente normativa.

Disposición final

Esta ordenanza ten unha vixencia indefinida, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

A entrada en vigor desta ordenanza producirase o día seguinte ao da publicación íntegra do seu articulado no BOP de Ourense e unha vez transcorrido o prazo ao que se refire o artigo 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril.

Disposición derogatoria única

Coa entrada en vigor desta ordenanza queda derogada calquera outra que poida estar vixente neste concello.

El Pleno de la Corporación, en fecha 28 de enero de 2016, aprobó inicialmente y por unanimidad las siguientes ordenanzas:

- N.º 1/2016: Ordenanza Reguladora del Precio Público por la Prestación de Servicios y Realización de Actividades de Carácter Deportivo, Cultural, Recreativo, de Ocio y Tiempo Libre y Eventos de Carácter Festivo.

- N.º 2/2016: Ordenanza Reguladora de la Conservación, Mantenimiento de Construcciones e Instalaciones, así como Vallado de Solares y Parcelas y Registro Municipal de Estos en A Pobra de Trives.

- N.º 3/2016: Ordenanza Fiscal y Reguladora de la Instalación de Terrazas en la Vía Pública.

Una vez transcurrido el plazo de información pública sin que durante este se presentaran ni reclamaciones ni sugerencias, se eleva a definitivo el acuerdo de aprobación inicial y, de conformidad de lo acordado, se procede a la publicación del texto íntegro del acuerdo y de las ordenanzas como acto previo al de su plena entrada en vigor en los términos del artículo 70.2 de la Ley 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de las Bases del Régimen Local.

La Presidencia da cuenta del expediente tramitado para la aprobación de las ordenanzas del título, así como también de su propuesta de acuerdo.

5º.- Ordenanzas municipales:

1.- N.º 1/2016: Ordenanza Reguladora del Precio Público por la Prestación de Servicios y Realización de Actividades de Carácter Deportivo, Cultural, Recreativo, de Ocio y Tiempo Libre y Eventos de Carácter Festivo.

2.- N.º 2/2016: Ordenanza Reguladora de la Conservación, Mantenimiento de Construcciones e Instalaciones, así como Vallado de Solares y Parcelas y Registro Municipal de Estos en A Pobra de Trives.

3.- N.º 3/2016: Ordenanza Fiscal y Reguladora de la Instalación de Terrazas en la Vía Pública.

Da cuenta de dos pequeñas modificaciones de mejora de redacción en la ordenanza de terrazas (artículo 15.2), lo que se observó en segunda lectura, después de haberse preparado el expediente de este Pleno y justificar la aprobación de estas ordenanzas en la necesidad de dar respuesta a situaciones de hecho que se venían dando y que como todos lo entienden nada va a añadir, así como a la resolución de problemas existentes en relación con los inmuebles que presentan peligro y que el ayuntamiento no puede resolver al no existir datos sobre titularidad y otros. También, añade, por lo que se refiere a la Ordenanza de Terrazas, que es una necesidad dar nuevas respuestas a las nuevas situaciones que se han producido como consecuencia, por ejemplo, de la aplicación de la Ley Antitabaco o de la necesidad de apoyo al sector servicios, tan importante para Trives.

Dice que podían, a lo mejor, haberse elaborado ordenanzas más perfectas pero que aún están a tiempo de enriquecerse y que este es el inicio dado que se pretenden también llevar a próximos plenos la reguladora de la Plaza de Abastos; una de buen gobierno, etc.,...

Abre el turno de intervenciones:

El portavoz popular, don Jesús Prieto Pérez, manifiesta su satisfacción por un buen trabajo, mas dice que le habría gustado participar en la elaboración de las ordenanzas citadas, dado que su grupo también representa a vecinos de Trives cuya voz debería haberse escuchado.

El portavoz de SON en el Grupo Mixto, don Jorge Vázquez Rodríguez, dice que le parece perfecto y que sólo les choca si las medidas de las terrazas, a lo mejor, habían podido no permitir después su uso en base a la Ley Antitabaco, más que no lo miraron detenidamente y que eso siempre podría corregirse de ser necesario.

